Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ❧ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Xeografía mítica

CATEGORÍAS RELACIONADAS

En figura de militar

Na Porta do Mouro, no Crasto, en Melide, uns foron ver de desencantar un tesouro. Cando pronunciaron o esconxuro, saíu unha voz de penedo que lles preguntou:

—De que forma queredes que saia?

E un dos presentes que acababa de volver do servizo, respondeu:

—En forma de militar!

E presentouse un soldado moi grande, tanto que a cabeza pasaba por enriba dos outeiros máis altos. E ademais negouse a darlles os cartos se non lle levaban un año branco sen mancha ningunha.

E como se puxeron a discutir, veu un trono que apagou as luces e nesas despareceu o xigante.

BIBLIOGRAFÍA

Risco, V. (1979): «Etnografía. Cultura espiritual», en Historia de Galicia, 1 (dirixida por D. Ramón Otero Pedrayo), Madrid, Akal, páx.

311.